



## **BASES PARA O CONCURSO CANTALINGUA**

1. Cantalingua é un concurso musical destinado a bandas ou solistas que desenvolven a súa actividade en galego, organizado polo Correlingua.
2. Poden participar grupos musicais ou solistas de calquera estilo que teñan o galego como lingua.
3. Poderase participar cunha canción por cada grupo ou solista que será enviada en formato mp3 a [correlingua@gmail.com](mailto:correlingua@gmail.com) desde o 1 de febreiro ata as 24 h do 12 de marzo de 2023.
4. A canción que se presente deberá ser orixinal -fican excluídas as versións- e en lingua galega.
5. Excluíranse as cancións que teñan contidos de carácter sexista, homófobo, racista, violento, discriminatorio, en definitiva, contidos inadecuados ou contrarios aos fins pedagóxicos e educativos do Correlingua ou que a organización considere pouco adecuados para o público destinatario.
6. Ademais do tema en formato MP3 deberase enviar unha pequena presentación da banda completa ou solista e unha fotografía, e indicar un enderezo electrónico e teléfono de contacto.
7. As cancións participantes colgaranse na páxina [correlingua.gal/cantalingua/](http://correlingua.gal/cantalingua/) e publicitaranse por outras canles e redes sociais para que cheguen ao maior número de persoas posíbel.
8. O xuri estará integrado por alumnado de educación secundaria obrigatoria e bacharelato de centros participantes no Correlingua e por membros da organización do Correlingua, e determinará os grupos ou solistas gañadores.
9. Os gañadores serán dados a coñecer en abril de 2023 a través da páxina do Correlingua.

**10.** O premio consistirá en actuar dentro da programación do Correlingua. As actuacións repartiranse entre os tres primeiros clasificados de maneira equitativa, cunha remuneración de:

**600€ brutos\*** por actuación dun/ha solista

**800€ brutos\*** por actuación de grupo ata 3 compoñentes

**1.100€ brutos\*** por actuación de grupo ata 5 compoñentes

**1.300€ brutos\*** por actuación de grupo de 6 ou máis compoñentes

No caso de que algún dos gañadores non puidera participar nalgún dos concertos a lista irá correndo até completar todas as datas cos grupos.

\*Con todos os impostos incluídos

**11.** Todos os concertos serán pola mañá, no mes de maio de 2023 e terán unha duración aproximada de trinta minutos nos concertos compartidos e 50 minutos nos feitos en solitario.

**12.** Para poder participar nas actuacións e Festas do Correlingua 2023 é imprescindible terse presentado ao concurso Cantalingua.

**13.** Os grupos seleccionados comprométese a que todo o concerto e a comunicación dos grupos que actúen no Correlingua sexa integramente en galego. As letras deberán ser axeitadas ao carácter pedagóxico da actividade e á idade do alumnado que vai de infantil a secundaria. O comportamento e a linguaxe empregada durante as actuacións debe axustarse ao público.

**14.** En caso de incumprimento do punto anterior a organización do Correlingua reserva para si o dereito de cancelar os seguintes concertos do grupo e anular o premio concedido inicialmente.

**15.** A participación no concurso implica a aceptación destas bases.

**Correlingua**

[www.correlingua.gal](http://www.correlingua.gal)

**Facebook, Twitter, Instagram: Correlingua**

[Avenida de Lugo 2A](#), entresollado A

15702- Santiago de Compostela

tlf: 698180557